



Rianxo

Deporte e Patrimonio Histórico
Servizo de Deportes

BASES DE ORGANIZACIÓN II TRÍATLON CONCELLO DE RIANXO

Organizan:

- **Lodeco S.L.U.**
Email: lodeco@lodeco.es
Persoa de contacto: Miguel Fernández
Teléfono: 600 433 203
- **Concello de Rianxo**
- **Federación Galega de Tríatlon**

Patrocina:

- **Concello de Rianxo**

Colaboran:

- **Deputación Provincial**
- **Policía Local**
- **Protección Civil**
- **Secretaría Xeral para o Deporte**

Datas e horarios das carreiras:

- Sábado 4 de agosto de 2018 ás 18:00 h

Distancias:

- Sprint: 0,750 km de natación (1 volta) – 20 km en bicicleta (4 voltas)– 5 km de carreira a pé (3 voltas).

Inscricións:

Ata o martes, día 31 de xullo, limitado a 250 prazas por rigorosa orde de inscrición.

Listaxe de espera:

Completadas as prazas, abrírase unha listaxe de espera por orde de chegada de solicitude enviando un correo a fegatri@hotmail.com indicando no asunto *Listaxe de espera Rianxo* con todos os datos persoais (nome, apelidos, DNI, tlf. correo-e).

O mércores 1 de agosto tras coñecer as baixas farase a comunicación por correo electrónico aos deportistas da lista de espera que entren na proba. Terán para formalizar a inscrición ata ese mesmo día, mércores 1, ás 14 h.

A inscrición realizarase en liña, a través da web da Federación Galega de Tríatlon, www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

Prezo:

12 € (Cadetes gratuíta)

Federados:

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Licenzas 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

Custe licenza de 1 día de 12 €+ 12€. Inscrición Total: 24€
Cadetes non federados só aboarán os 6€ de licenza de 1 día de menores.

Imprescindible, para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI en vigor á Federación Galega de Tríatlon (fegatri@hotmail.com).

Baixas e política de devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación), rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación listaxes inscritos

Listaxe provisional. Publicarase o xoves anterior á proba (admítense reclamacións cando na listaxe hai algún erro debido ao manexo dos datos na Federación. Por exemplo, baixas solicitadas en tempo e que non aparecen como tales na listaxe).

É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a presentar reclamación no caso de haber erros.

Listaxe definitiva. Publicarase o venres anterior á proba, sendo firme e sen posibilidade de cambios.

Haberá cronometraxe *champion-chip*. Cada participante que non teña CHIP AMARELO en propiedade terá que aboar unha fianza de 25 €, o día da proba, ao recoller o dorsal, dos cales lle serán devoltos 23€ ao rematar a carreira (2€ aluguer do chip, agás cadetes) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de triatlón ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe *champion-chip*.

Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de cor AMARELO (non valen de calquera outra cor) poderá corre con el.

Desenvolvemento da proba:

Saída e transición:

Porto de Rianxo

Meta:

Praza de Castelao

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización o sábado de 16:30h a 17:40 h.

Reunión técnica:

Ás 17:30 h nas inmediacións da secretaría.

Control de material:

De 16:50h a 17:50 h. OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU D.N.I.

Premios:

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as da xeral e das categorías. (cadete, junior, sub-23 e veterano/a).

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e

non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono".

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba

Normas de competición:

A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.